

Estrutura do ficheiro:

Táboa 20

Nome do campo	Tipo do campo	Descrición
FIRMA_NUM_REG	Texto	Número de rexistro da instalación (véxase descrición en táboa 12)
AÑO	Texto	Formato aaaa
AEROPUERTO/REFINERÍA	Texto	Aeroporto ou refinaría en que se produce a venda, segundo corresponda
COPOSTAL	Texto	Código postal da instalación: XXXXX (aeroporto ou refinaría segundo proceda)
CANGNAV	Número	Cantidade vendida do produto gasolina de aviación
CAN_JET_A1	Número	Cantidade vendida do queroseno de aviación Jet A1
CAN_JET_A2	Número	Cantidade vendida do queroseno de aviación Jet A2
TIPO_VENTA	Texto	Tipo de venda (véxase táboa 17)

O nome do ficheiro codificarase como ISAFACZZZAAAAMMDD.XXX, onde:

ISA: identifica que se trata de instalacións de fornecemento a aeronaves.

FAC: identifica a frecuencia anual cantidades.

ZZZ: código alfabético do operador segundo táboa 1.

AAAAMMDD: data do envío.

XXX: formato do ficheiro (xls para «Excel»).

Entenderase por cantidade vendida o volume fornecido, expresado en metros cúbicos con tres decimais.

Cando nun mesmo ano se vendan distintas cantidades mediante diferentes tipos de venda, incluírase no arquivo unha fila por cada tipo de venda.

Nota. Todos os arquivos Excel mencionados no anexo conterán unha folla única que obrigatoriamente se chamará Folla 1. Non se admitirá ningún outro nome.

ANEXO IV

Información relativa aos axentes obrigados a remitir información, nos cales se produza un cambio de estado que afecte os datos censuais ou a súa situación respecto da devandita obriga

IV.1 MODIFICACIÓNS, BAIXAS OU ALTAS CENSAIS

Seguiranse as instrucións contidas no enderezo da internet <http://www.mityc.es/risp> na epígrafe de Inscripción, que é a que se utiliza para as inscricións no censo. As modificacións, baixas ou altas débense comunicar a mesma semana natural en que produzan efecto.

IV.2 MODIFICACIÓNS RESPECTO Á OBRIGA DO ENVÍO DE INFORMACIÓN

Estes cambios de situación poden ser temporais ou definitivos, e seguirase o indicado nos puntos seguintes:

IV.2.1 Instalacións relativas a fornecementos a vehículos e instalacións terrestres.

IV.2.1.1 Fornecementos a través de instalacións individuais habilitadas para o efecto. Envío de correo electrónico ao enderezo: censoeess@mityc.es coa seguinte información:

a) Identificativa:

Indicación de que se trata de instalación individual de fornecemento a vehículos terrestres.

Identificación de usuario.

Marxe (E /D /N).

b) Causal:

Resúmense os seguintes:

1) Efectos permanentes.

Venda da instalación, con indicación dos datos do comprador (nome, CIF e teléfono).

Cambios nas condicións de explotación e xestión que poidan afectar as obrigas de envío de información, detallando os devanditos cambios.

Cambios de abandeiramento.

Cambios nos produtos subministrados.

Cambios parciais na propiedade (de parte da instalación, dos produtos ou outros).

Peche da instalación por xubilación ou outro motivo.

2) Efectos temporais.

Peche efectivo e real da instalación por vacacións, con datas de peche e apertura.

Peche da instalación por accidente.

Peche da instalación por reforma ou obras.

Nos dous últimos casos, notificaranse as datas probables de peche e apertura.

c) Enderezo de envío de resposta por parte da Administración.

IV.2.2 Resto dos casos. Para calquera dos casos recollidos nos anexos I, II e III anteriores, enviarase un correo electrónico ao enderezo indicado en IV.2.1.1.A coa información identificativa e causal correspondente.

IV.2.3 Resposta da Administración á comunicación. A Administración comunicarlle ao remitente do correo electrónico o seu coñecemento e a cancelación temporal ou definitiva, en caso de que proceda, da obriga de remisión de información.

A Administración poderá substituír a obriga do envío do correo electrónico pola obriga de cubrir un formulario da internet. Tamén poderá substituír a súa comunicación por correo electrónico do seu coñecemento e cancelación da obriga de remisión de información pola descarga dun certificado tras ter cuberto correctamente o devandito formulario.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

17011 *ORDE APA/2968/2006, do 28 de setembro, pola que se modifica a Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul. («BOE» 233, do 24-4-2006.)*

A lingua azul ou febre catarral ovina é unha enfermidade incluída no Código Zoonosanitario Internacional da Organización Mundial da Sanidade Animal (OIE) e na lista de enfermidades de declaración obrigatoria da Unión Europea. As medidas específicas de loita contra a enfermidade están reguladas polo Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específi-

cas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul.

De acordo coa Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e sen prexuízo das medidas adoptadas pola Comisión Europea, adoptáronse medidas nacionais específicas a través de diversas ordes, a última das cales é a Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, modificada mediante Orde APA/1901/2006, do 14 de xuño.

En función dos datos existentes, e unha vez constatada a circulación vírica, é preciso modificar o réxime de movemento dos animais vacinados previsto no artigo 7 e no anexo I, así como ampliar a 14 días o período previo cando o movemento se ampare na proba de reacción en cadea da polimerasa (RT-PCR).

Na súa virtude, e ao abeiro do establecido no artigo 8 da Lei de sanidade animal e na disposición derradeira segunda do Real decreto 1228/2001, do 8 de novembro, polo que se establecen medidas específicas de loita e erradicación da febre catarral ovina ou lingua azul, dispoño:

Artigo único. Modificación da Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul.

A Orde APA/1202/2006, do 24 de abril, pola que se establecen medidas específicas de protección en relación coa lingua azul, queda modificada como segue:

Un. A alínea c) do artigo 7 queda redactada nos seguintes termos:

«c) Os movementos de reses vacinadas con destino a zona libre realizaranse de acordo co indicado nos artigos 4, 5 e 9, e en función da análise de risco previsto no artigo 8.1.b) 2.º»

Dous. Os parágrafos terceiro e cuarto do anexo I quedan redactados como segue:

«Que estivesen protexidos dos ataques de culicoides durante, como mínimo, catorce días antes da data do traslado, e que fosen sometidos durante ese período a unha proba de illamento do virus da febre catarral ovina ou a unha proba de reacción en cadea da polimerasa (RT-PCR), con resultados negativos, e esta proba deberase ter efectuada con mostras de sangue tomadas, como mínimo, catorce días despois da data de inicio do período de protección contra os ataques de vectores.

Que se trate de ovinos vacinados contra a lingua azul entre 30 días e un ano antes do movemento. No caso de ovinos vacinados cunha soa dose de vacina inactivada sen que previamente estivesen vacinados con vacina viva, permitírase o movemento entre 30 días e 6 meses tras a vacinación; ou se se trata de animais vacinados con vacina inactivada durante o período de actividade do vector, os animais obxecto de movemento deberán cumprir os requisitos que a continuación se describen para poder realizar o traslado:

a) Animais da especie bovina:

1.º Animais con destino para vida: deberán ter transcorridos 60 días desde a aplicación da segunda dose vacinal ou ben realizar unha toma de mostra a partir dos 25 días da aplicación da segunda dose vacinal, para a realización dun PCR con resultados negativos sen que sexa necesario o illamento.

2.º No caso de animais destinados a espectáculos taurinos de tipo I, autorízase o movemento dos animais vacinados transcorridos cinco días desde a aplicación da segunda dose vacinal.

3.º No caso de animais destinados a espectáculos taurinos de tipo II, deberase realizar a análise de risco

segundo o establecido no artigo 8.1.b) 2.º, de acordo co seguinte:

Se como resultado da análise se conclúe que o espectáculo se vai celebrar nunha comarca onde se determine que non existe vector ou que non existen poboacións suficientes capaces de actuar como transmisores da enfermidade, para proceder ao movemento dos animais deberanse cumprir as condicións requiridas nesta orde para os espectáculos do tipo I.

Se como resultado da análise se conclúe que o espectáculo se vai celebrar nunha comarca onde se determine que existe risco de transmisión da enfermidade, aplicaranse as condicións establecidas neste parágrafo para os animais vacinados con destino para vida.

b) Animais da especie ovina con destino para vida: para autorizar o movemento deberán ter transcorridos 30 días desde a aplicación da segunda dose vacinal en caso de vacinas que se vaian aplicar en dúas doses, ou 30 días tras a aplicación da dose única no caso de vacinación cunha soa dose.

c) No caso doutras especies sensibles que fosen vacinadas aplicaranse igualmente as condicións previstas nas dúas letras anteriores.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 28 de setembro de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

17096 *REAL DECRETO 1114/2006, do 29 de setembro, polo que se modifica o Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, polo que se imponen limitacións á comercialización e ao uso de certas substancias e preparados perigosos. («BOE» 234, do 30-9-2006.)*

O Real decreto 1406/1989, do 10 de novembro, establece unha serie de limitacións á comercialización e ao uso de determinadas substancias e preparados perigosos. Aprobouse, de acordo coa normativa da Unión Europea que regula esta materia, fundamentalmente a Directiva 76/769/CEE do Consello, do 27 de xullo de 1976, relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos, e o conxunto das súas posteriores modificacións e adaptacións ao progreso técnico.

O citado real decreto experimentou numerosas modificacións no seu anexo I, como consecuencia da evolución da normativa comunitaria na materia e da necesidade de incrementar os niveis de protección da saúde humana e do ambiente.

Recentemente aprobouse a Directiva 2005/84/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de decembro de 2005, pola que se modifica por vixésimo segunda vez a Directiva 76/769/CEE do Consello relativa á aproximación das disposicións legais, regulamentarias e administrativas dos Estados membros que limitan a comercialización e o uso de determinadas substancias e preparados perigosos (ftalatos nos xoguetes e artigos de puericultura).